

AS SEDES DE UGT EN VIGO E NA CORUÑA XA SON PUNTOS VIOLETA

Redacción.- As sedes de UGT-Vigo e UGT-Coruña veñen de facer pública a súa presentación como puntos violeta, é dicir, lugares seguros para prestar axuda a posibles vítimas de violencia machista.

Lembrar que xa o pasado mes de setembro o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, e a secretaria de Igualdade do Sindicato, Trinidad Campos, reuníronse co delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, para acordar un protocolo de colaboración co fin de que as sedes de UGT en Galicia pasasen a ser puntos violeta.

Trátase de que as sedes do Sindicato sexan lugares seguros para a muller. Lugares nos que se preste apoio a posibles vítimas de violencia de xénero e nos que se atendan as demandas de información sobre como actuar e acceder aos recursos públicos dispoñibles.

Tanto de UGT-Vigo como dende UGT-Coruña-Cee no acto de presentación subliñaron a importancia desta iniciativa para impulsar a loita contra a violencia contra as mulleres e que poñer a disposición deste fin as sedes do Sindicato é crear unha importante rede xeográfica de apoio.

O Punto Violeta é un instrumento promovido polo Ministerio de Igualdade para implicar ao conxunto da sociedade na loita contra a violencia machista e estender a información necesaria para saber como actuar ante un caso de violencia contra as mulleres. Forma parte do catálogo de medidas urxentes do Plan de Mellora e Modernización impulsado por distintos ministerios do Goberno de España e supón un cambio de enfoque nas políticas públicas de atención ás vítimas, situando a violencia machista como un



problema estrutural que require da implicación do conxunto da sociedade para acabar con ela..

A violencia machista segue atravesando as vidas das mulleres e supón unha gravísima vulneración dos dereitos humanos. Trátase dunha realidade terrible que é preciso visibilizar, denunciar, previr e erradicar e, sempre, escoitar, crer e protexer ás mulleres afectadas e, dende UGT, con esta iniciativa,

búscase contribuír a este fin.

Pola súa banda, dende as respectivas subdelegacións do Goberno, a da Coruña e a de Pontevedra, os seus representantes agradeceron a contribución do sindicato para chegar "a todos os recunchos do territorio" e reafirmaron a disposición do Goberno de seguir traballando con todos os actores sociais galegos para reforzar a rede de apoio ás mulleres vítimas de violencia machista.

PROMOCIÓN, OFERTAS E DESCONTOS- AXA- SEGUROS

Por ser afiliada/o a UGT

PROMOCIONES ACTUALES

Para conocer todas nuestras promociones haz click en: [Promociones, ofertas y descuentos - AXA Seguros](#) o escanéame

O ponte en contacto con tu oficina a través de correo electrónico: atencion.galicia.asturias@axa.es

Oficina Vigo: 986 22 43 40

POR SER AFILIADO A UGT:

- 7% DE DESCUENTO EN EL PRECIO DEL SEGURO DEL COCHE
- 10% DE DESCUENTO EN EL PRECIO DEL SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA (MASCOTA SANA) Y PARA EL DE RESPONSABILIDAD CIVIL DE PERROS (hasta el 31/12/2025)
- 10% DE DESCUENTO EN EL PRECIO DEL SEGURO DE ASISTENCIA EN VIAJE (hasta el 31/12/2025)

EN GALICIA AS CONCENTRACIÓNS TIVERON LUGAR FRONTE Á DELEGACIÓN DO GOBERNO NA CORUÑA E AS SUBDELEGACIÓNS EN LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA

UGT, CCOO E CSIF CONCÉNTRANSE EN TODA ESPAÑA PARA DICIR XA ABONDA! AO MINISTRO ÓSCAR LÓPEZ: OU SENTA A NEGOCIAR OU TERÁ FOLGA XERAL

Os responsables dos tres sindicatos rexistraron un escrito solicitando ao ministro a apertura das negociacións xa

Redacción.- UGT Servizos Públicos, a área Pública de CCOO e CSIF convocaron concentracións este xoves, 30 de outubro, fronte ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, así como ante as Delegacións e Subdelegacións do Goberno en toda España, por uns servizos públicos de calidade, incrementos salariais, máis emprego e mellora das condicións laborais para máis de tres millóns e medio de empregadas e empregados públicos.

En Galicia as concentracións tiveron lugar na Coruña fronte á Delegación do Goberno e en Lugo, Ourense e Pontevedra fronte ás sedes das Subdelegacións do Goberno.

Esta mobilización responde á urxente necesidade de defender o Estado do Benestar, ameazado pola deterioración progresiva dos servizos públicos.

É unha realidade que coñece perfectamente o Goberno: a deterioración do público está a provocar situacións indeseables que se traducen nunha maior resposta social, vémolo na Sanidade, na Educación, nos Servizos Sociais, na Xustiza e no resto de sectores estratéxicos, así como na xestión diaria de servizos públicos esenciais. Vémolo na indignación social ante os fallos sanitarios, a deterioración das aulas, as catástrofes naturais, os incendios ou as dificultades no acceso aos trámites administrativos por poñer só algúns exemplos. A resposta da sociedade é o mellor termómetro para valorar a calidade e a satisfacción co público.

Denunciamos en reiteradas ocasións a falta de persoal, o envellecemento dos cadros de persoal ou a desmotivación, que se traducen no malestar das persoas usuarias.

Desde as tres centrais sindicais lembramos ás Administracións Públicas e aos seus sectores públicos que se necesitan cambios profundos para a imprescindible transformación e modernización dos servizos públicos e que, para iso, hai que empezar por reverter o perdido nas dúas últimas décadas.

Por iso, esiximos a reapertura inmediata da mesa de negociación para ga-

rantir os incrementos salariais, un incremento e mellora do emprego público e das condicións de traballo de máis de tres millóns e medio de empregadas e empregados públicos no conxunto do Estado, 177.000 en Galicia.

En vista do atraso e da desidia por parte do ministro Óscar López, ao non atender as xustas demandas das tres centrais sindicais, continuaremos co proceso de mobilización posto en marcha, que comezou con estas concentracións deste xoves..

O seu desenvolvemento e intensificación nas próximas semanas e meses dependen da vontade e decisión do ministro de negociar. Como xa avisamos, non descartamos ningunha acción ou medida de presión, incluída a folga xeral.

O ministro debería tomar nota da nosa decisión inequívoca de intensificar a protesta se non sentan inmediatamente a negociar.

Hai que recuperar e estabilizar emprego público, hai que dignificalo, hai que garantir a suba salarial de 2025 e recuperar poder adquisitivo, cun novo acordo plurianual en materia salarial e de emprego, e, sobre todo, hai que rediseñar unhas administracións públicas dimensionadas ao Estado do Benestar, accesibles á cidadanía, de calidade, que se convertan en orgullo das actuais e futuras xeracións do noso país. E isto non se consegue con parches ou con políticas curtopracistas. Lógrase negociando



con amplitude de miras e considerando ás organizacións sindicais como axentes esenciais na mellora dos servizos públicos.

O futuro do público e do Estado do Benestar dependen en gran medida das nosas decisións e accións. Por iso, convidamos ao conxunto da cidadanía a defender os servizos públicos.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO SERVIZO DE HANDLING DO AEROPORTO DA CORUÑA DENUNCIAN AS SÚAS CONDICIÓNS LABORAIS CUNHA XORNADA DE FOLGA

Redacción.- Este luns os traballadores e traballadoras do servizo de handling do aeroporto de Alvedro, na Coruña, mobilizáronse cunha xornada de folga de 24 horas e unha concentración para denunciar as súas condicións laborais.

Así, denuncian xornadas interminables, un cadro de persoal deficiente, falta de dereitos en materia de conciliación, precariedade e abuso de contratos parciais, sen reforzos para PMR e sen atención aos riscos psicosociais

Os traballadores e traballadoras din basta xa a esta situación e este xeito de exercer as súas funcións que se está a facer insostible.



A LUÍS TILVE PROMOVE EN PONTEVEDRA UN ACTO ARREDOR DA HISTORIA DO FRANQUISMO COA INTERVENCIÓN DO PROFESOR JULIÁN CASANOVA

Redacción.- Este martes, 28 de outubro, a Fundación Luis Tilve promoveu un acto de reflexión sobre o franquismo a partir da presentación do exhaustivo traballo “Franco” de Julián Casanova, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Zaragoza e gran estudoso do S. XX español e da figura de Franco e da súa contorna.

O acto celebrouse no Paraninfo do IES Sánchez Cantón de Pontevedra, que acolleu unha masiva asistencia, e foi presentado polo director da Fundación, Guillermo Pérez Agulla, e contou coa intervención de José Fortes, membro represaliado da UMD.

Julián Casanova trasladou ó público a súa consideración de que, pasados 50 anos, é o momento oportuno, cando as novas xeracións non coñecen o século XX español, para recuperar con obxectividade histórica os acontecementos que caracterizan a ditadura,

Para o profesor Casanova, Franco é unha persoa clave na Europa do seu tempo “con un pasado infame del que Franco participa, en el que se quebraron todos los valores, una dictadura que duró muchísimo tiempo”.

“Es el momento de decirle a la gente quién fue en realidad, por qué



se sumó a un golpe de Estado, cómo gana la guerra, por qué se consolidó...”, afirmou o autor referíndose á figura de Franco, e aludindo tamén a tik tok e ás redes como base de difusión de fake news que traducen os anos de fame, penurias e emigración masiva (máis de 3 millóns de españois), de 50.000 execucións posteriores á guerra, e de preto de 500.000 persoas en prisións e campos de concentración, coa conveniencia da Igrexa, que difunde a idea de que o golpe militar é unha cruzada relixiosa, nun panorama positivo de crecemento, que realmente non empezou a cristalizar ata os anos 70, e pouco a pouco, a moita distancia do crecemento europeo.

A obra analiza os personaxes que

teñen protagonismo na ditadura e que fan chegar a Franco infúdeos ou informacións convenientemente filtradas que condicionan moitas das súas actuacións.

Fascismo e ultradereita. Perigo e involución

Finalmente o conferenciante referiuse ó feito de que “una nueva variante de fascismo y ultraderecha ha empezado a quebrar los valores de la democracia y han empezado a aparecer personas que creen que esos tiranos fueron modernizadores, olvidando su parte más oscura”, aludindo a Franco, Hitler ou Mussolini, e incidindo no perigo dunha involución que atente gravemente á democracia conseguida con tanto esforzo.

UGT ASINA A SOLICITUDE DE COEFICIENTES REDUTORES PARA AS PERSONAS CONDUTORAS DE GUINDASTRES MÓBILES AUTOPROPULSADAS

Redacción.- O sector estatal de Estrada, Urbanos e Loxística de FeSMC-UGT valora de forma moi positiva e considera especialmente relevante a firma e presentación oficial da solicitude para o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación para as persoas condutoras profesionais de guindastres móbiles autopropulsadas. Esta solicitude presentárase ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, conforme ao artigo 206 da Lei Xeral da Seguridade Social e ao Real Decreto 402/2025, do 27 de maio.

Esta iniciativa foi subscrita por UGT xunto a CCOO e a patronal Agrupación Empresarial Nacional de Alquiladores de Guindastres de Servizo Público (ANAGRUAL).

UGT subliña que estamos ante unha actividade crítica para o funcionamento do país, pero ao mesmo tempo catalogada como de difícil cobertura:

- Porque cada vez custa máis atopar condutores e condutoras profesionais con dispoñibilidade para asumir as actuais condicións de traballo no sector;

- Porque se trata dun colectivo altamente envellecido, con traxectorias longas ao volante e cun impacto directo na saúde;

- E porque a realidade diaria do traballo implica penosidade, fatiga extrema, longas xornadas, turnicidade, nocturnidade, estrés físico e mental, presión de entrega e elevada sinistralidade, condicións que se agravan coa idade.

Que o propio sector recoñeza publicamente que ten dificultades reais para cubrir estes postos e, á vez, sómese a esixir un

antecipo na idade de xubilación para quen xa están dentro, demostra a magnitude do problema e a urxencia da resposta.

Para UGT, esta firma sitúa o debate onde debe estar: a saúde e a integridade das persoas traballadoras non son negociables.

Non se pode esixir aos cadros de persoal que sosteñan a actividade de guindastres autopropulsadas en España e na UE e, ao mesmo tempo, negar o desgaste brutal que iso supón sobre a súa saúde e a súa expectativa de vida activa.

Esta converxencia sindical-empresarial é clave por dous motivos:

1. Reforza a lexitimación do procedemento previsto no RD 402/2025, abrindo a porta a que a Seguridade Social inicie formalmente a avaliación técnico-actuarial da petición.

2. Visibiliza que o problema xa non é discutible nin invisible: o propio tecido empresarial recoñece que a condución profesional de mercadorías por estrada é unha actividade que “queima” e que está a deixar de ser atractiva para as novas xeracións.

Vinte anos de esixencia sindical

UGT lembra que esta reivindicación non nace hoxe. O noso sindicato leva máis de 20 anos reclamando o recoñecemento da penosidade, perigo e insalubridade do traballo das persoas condutoras profesionais de guindastres autopropulsadas e defendendo que se apliquen coeficientes redutores que permitan adiantar a idade de xubilación sen penalización, como xa oco-

rrer noutras actividades especialmente danosas para a saúde.

O que cambia agora —e é o que poñemos en valor— é que esa reivindicación sostida por UGT deixa de ser “unha demanda sindical histórica” para converterse nun procedemento administrativo concreto, amparado en dereito, cun suxeito profesional perfectamente identificado (condutores mecánicos e condutores conforme ao II Acordo Xeral do sector) e co respaldo de todo o ecosistema do transporte de mercadorías.

Para UGT, os coeficientes redutores non son un privilexio, son unha medida de saúde laboral e de xustiza profesional.

UGT vai seguir presionando para que:

1. A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social admita e impulse o expediente de forma áxil.

2. Recoñézanse oficialmente os coeficientes redutores para as persoas condutoras profesionais de guindastres autopropulsadas.

3. Blíndese que esta medida alcance a quen realmente están expostos e expostas en primeira liña, é dicir, as persoas que realizan condución efectiva profesional no marco do CNAE de transporte de mercadorías por estrada.

Para UGT, “esta firma non é un trámite máis. É o primeiro gran recoñecemento explícito de que o transporte profesional de guindastres autopropulsadas é unha actividade dura, perigosa, envellecida e de difícil cobertura. E de que quen a sostén merecen saír con saúde.”

QUINTA XORNADA DE FOLGA NO SIDEROMETAL DE OURENSE

Redacción.- O sector do siderometal da provincia de Ourense saíu ás rúas de novo este mércores e xoves e secundou amplamente as dúas xornadas de folga convocadas por UGT e CIG en demanda dun convenio digno.

Despois de nove meses de negociación, a patronal segue a amosar un total desprezo polas propostas e demandas dos traballadores e traballadoras do sector. Resulta evidente que non queren negociar, só impoñer. O pasado mes de xullo ambos sindicatos achegaron unha proposta e a patronal convocou a pasada semana unha mesa de negociación na que se limitou a re-

xeitala e poñer enriba da mesa de novo a súa proposta de maio, que xa fora rexeitada por aquel entón polos sindicatos.

Dende UGT FICA Ourense denuncian que a patronal parece non entender que os prezos soben e que isto vai a costa dos salarios dos traballadores e traballadoras, xa que o seu obxectivo é que a metade das subas previstas vaia a costa



dun plus variable de asistencia en 12 pagas. Algo que, evidentemente, os traballadores e traballadoras rexeitan. O único que se demanda son salarios dignos xa.

UGT RECLAMA QUE O PERÍODO DE EXPANSIÓN ECONÓMICA ACTUAL TRADÚZASE EN SUBIDAS SUBSTANCIAIS DOS SALARIOS

Redacción.- O IPC adiantado do mes de outubro, publicado esta semana polo INE, sitúase no 3,1%, unha décima máis que en setembro e a máis elevada desde xuño de 2024. Así, a inflación repuntou 1,1 puntos no últimos cinco meses, situándose máis dun punto por encima do limiar recomendado polo Banco Central Europeo (2%). Pola súa banda, a taxa subxacente, que elimina os alimentos frescos e os produtos enerxéticos, sitúase no 2,5%, tamén unha décima máis que o mes anterior.

Durante este mes cabe destacar negativamente o comportamento do prezo da electricidade, que se encarece máis que hai un ano, e do transporte aéreo e por ferrocarril, mentres que baixa o das gasolinas. Estes sectores altamente concentrados, formados por grandes empresas con elevado poder de mercado, seguen determinando a evolución da inflación no noso país. Neste sentido, o Banco de España sinalou que as tensións inflacionistas en España débense ao comportamento dos beneficios empresariais, é dicir, ao comportamento oportunista das empresas, que están a expandir de maneira continua (que se manteñen de forma sostida nun nivel superior ao 10% ata o segundo trimestre de 2025).

En canto ao seu impacto sobre os salarios, tendo en conta que o incremento salarial negociado en convenio foi do 3,5% en media ata o mes de setembro, implica unha pequena recuperación do salario real das persoas traballadoras; con todo, esa pequena recuperación real de salario non é igual para todas:

- Os asalariados con convenios colectivos de empresa non conseguen manter o valor real do seu salario, unha vez que o incremento salarial negociado ata setembro de 2025 foi do 2,84%, inferior á inflación, o que afecta a preto de 484.000 persoas traballadoras;

- Doutra banda, as persoas traballadoras de convenios de ámbito superior, ao redor de 8,7 millóns, lograron negociar un incremento salarial lixeiramente superior á inflación, do 3,54%.

Nos convenios asinados en 2025, ademais, só os convenios de ámbito superior conseguen manter incrementos salariais reais (4,27% de incremento salarial nominal para convenios de ámbito superior), mentres os de empresa sofren perdas reais (o 2,97% de incremento sa-

larial nominal para convenios de empresa). Todo iso pon de manifesto a importancia dos convenios colectivos estatais ou provinciais fronte aos de empresa, onde as persoas traballadoras non dispoñen da cobertura que lles proporcionan os sindicatos.

Ademais, non hai que obviar que as subidas salariais están a ser neutralizadas polos excesivos e continuados incrementos no prezo da vivenda, con indiferenza da súa modalidade. Isto está a producir un recorte nas condicións materiais de boa parte da clase traballadora. En consecuencia, desde o sindicato reclamamos a aplicación da lexislación que limita os prezos máximos en zonas tensionadas, do mesmo xeito que reclamamos a posta en marcha con celeridade dun ambicioso plan de ampliación do parque público de vivendas a prezos alcanzables. Pola contra, corremos o risco de que calquera mellora salarial vaia a parar aos petos de quen especula cun ben básico e fundamental.

En definitiva, UGT esixe que o período de expansión económica actual tradúzase en subidas substanciais dos salarios, que deben recuperar e ampliar o seu poder adquisitivo. Así mesmo, resulta esencial estender a cobertura das cláusulas de revisión salarial vinculadas á inflación, xa que actualmente só protexen a un 34,8% das persoas traballadoras (un pouco máis de 3,2 millóns dun total de 9,2 millóns cubertos por convenios colectivos), un mecanismo que debe impulsarse aínda máis no VI Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC).

O sindicato tamén reclama unha revisión profunda das cláusulas de compensación e absorción, de modo que ningunha persoa vexa reducida a súa capacidade de compra como consecuencia da súa aplicación. Isto debe incorporarse na redacción do próximo Real Decreto do SMI, garantindo que a súa actualización beneficie de maneira real e efectiva a toda a clase traballadora.

En conclusión, a inflación en España resístese a baixar aos obxectivos do Banco Central Europeo. Ademais, a inflación subxacente mantén a súa tendencia á alza, o que é prexudicial para a renda das persoas traballadoras. As ex-



pectativas inflacionistas derivadas das tensións xeopolíticas e a errática política comercial do Goberno dos Estados Unidos, sumado ao comportamento oportunista das grandes empresas do sector de combustibles e electricidade explican a riñidez inflacionista. UGT esixe que o Goberno actúe de forma máis contundente en defensa da competencia e taxando estes beneficios extraordinarios.

Por iso, tendo en conta a evolución dos salarios e a inflación, é importante considerar:

- Centralidade dos salarios no crecemento económico: a negociación colectiva e o próximo AENC deben recoñecer o papel estrutural dos salarios como motor económico, non só como instrumento de xustiza social.

- Revisión dos mecanismos salariais ante a inflación acumulada: é imprescindible incorporar cláusulas de revisión salarial automática vinculadas á inflación, así como considerar outros indicadores estruturais, como o prezo da vivenda e as marxes empresariais.

- Compatibilidade entre mellora salarial e beneficios empresariais: os datos mostran que o incremento salarial non impediu o crecemento dos beneficios empresariais nin do investimento privado. Isto desmonta o argumento de que os aumentos salariais comprometen a competitividade e abre espazo para unha redistribución máis equitativa das rendas xeradas.

- Responsabilidade do próximo AENC na configuración dun modelo económico máis eficiente e sostible: o próximo AENC debe constituírse como un instrumento fundamental de política económica concertada, debido a que os seus criterios influirán directamente no crecemento económico, o emprego e a cohesión social.